

**REUNIÓN DA COMISIÓN 4.<sup>a</sup>,  
EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 01.06.2017      Hora: 16:00

A Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 1 de xuño de 2017, ás 16.00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

### **Punto 1. Preguntas orais en Comisión**

- 1.1 6425 (10/POC-001116)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción  
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o cumprimento do acordo parlamentario referido á posta en marcha dunha plataforma de elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato para todos os centros docentes de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017*
- 1.2 7069 (10/POC-001221)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Villares Naveira, Luis  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adaptación á realidade laboral do centro da licitación do servizo de limpeza do Centro Residencial Docente e IES Universidade Laboral de Ourense  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017*
- 1.3 7180 (10/POC-001250)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha avaliación da necesidade de implantar unha nova liña de ESO no IES Ramón Otero Pedrayo de Ourense, comezando pola apertura dunha cuarta liña de 1º para o curso 2017-2018, a súa opinión en relación coa idoneidade da definición das áreas de influencia dos IES da cidade para o actual fluxo da poboación e as súas previsións respecto da realización dalgún cambio para o curso 2017-2018  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017*
- 1.4 7781 (10/POC-001356)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa reunión levada a cabo o día 4 de abril de 2017 polos representantes institucionais das comunidades autónomas adheridas ao protocolo de colaboración en materia lingüística, así como as actuacións que se van realizar no futuro no marco dese protocolo

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102, do 21.04.2017*

1.5 7914 (10/POC-001376)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre o balance que realiza a Xunta de Galicia da presenza das empresas produtoras do sector audiovisual galego na feira European Film Market, de Berlín, e os beneficios que supón para a industria cultural/audiovisual de Galicia esa presenza a nivel internacional

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102, do 21.04.2017*

## **Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión**

2.1 5847 (10/PNC-000570)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia, xunto coa Deputación Provincial de Lugo e os concellos correspondentes, para garantir a conservación, a recuperación e posta en valor das torres de Torés e de Doncos, nas Nogais, a de Caldaloba, en Cospeito, e a do Batallón, en Sarria, así como o Castelo de Doiras, en Cervantes, o Castelo de Navia de Suarna, a Torre de Taboi, en Outeiro de Rei, e a Torre de Arcos, en Chantada

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017*

2.2 8453 (10/PNC-000888)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre a restauración, a conservación e o mantemento para o uso público da torre pazo de Goiáns polo Goberno galego, en colaboración co Concello de Boiro e outros organismos, así como a súa vixilancia

*Publicación do acordo, BOPG n.º 112, do 10.05.2017*

2.3 9206 (10/PNC-000963)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel



Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co réxime de visitas públicas gratuítas ao pazo de Meirás

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2017

Antonio Mouriño Villar  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA** POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

## **Vogais**

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Moisés Rodríguez Pérez

P

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 01.06.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1. Preguntas orais en Comisión

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 01.06.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.1 6425(10/POC-001116)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o cumprimento do acordo parlamentario referido á posta en marcha dunha plataforma de elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato para todos os centros docentes de Galicia

*Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Luís Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

No pleno celebrado o día 25 de xaneiro de 2017 foi aprobada unha Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dunha plataforma de elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato para todos os centros docentes da comunidade autónoma de Galicia.

Na dita proposición, o texto aprobado establece que “*O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a ampliar ás etapas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato a liña emprendida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en formación profesional, poñendo, á maior brevidade posible, un conxunto de instrumentos e ferramentas informáticas, que permitan a elaboración das programacións didácticas acorde co modelo curricular vixente.*”

Considerando a transcendencia que para a comunidade educativa ten o anterior, fórmulanse as seguintes preguntas:

1ª) Que accións ten iniciado a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para acadar as finalidade previstas no texto aprobado?

2ª) De non ter iniciada ningunha acción, que xustificación existe?

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 09/03/2017 18:51:13**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/03/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 6425**



Data envío: 09/03/2017 18:55:10.364



---

 **Grupo Parlamentario**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 09/03/2017 18:51:24**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 01.06.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.2 7069(10/POC-001221)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Villares Naveira, Luis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adaptación á realidade laboral do centro da licitación do servizo de limpeza do Centro Residencial Docente e IES Universidade Laboral de Ourense

*Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Ánxeles Cuña Bóveda e Luis Villares Naveira**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no Artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral na Comisión 4.ª**.

A Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria está a proceder a licitar o contrato de Servizo de Limpeza do Centro Residencial Docente e IES “Universidade Laboral”. No prego de prescricións técnicas particulares figuran elementos que non se corresponden coa realidade laboral nin de servizo do centro, sobre todo no referente o punto 5.- Persoal preciso durante a vixencia do contrato.

Segundo o prego son precisas 15 traballadores/as con categoría laboral limpador/limpadora, cando recentes sentenzas do Tribunal do Social número 1 de Ourense veñen a recoñecerlle categorías superiores a cando menos 3 traballadores/as do centro, por exemplo na sentenza 640/2016 que non admite recurso.

Polo que de continuar a consellería con este prego estaría a vulnerar os dereitos laborais dos traballadores do centro, e precipitando un posible despido ou modificación substancial das condicións laborais destes traballadores en canto se adxudique o novo contrato.

Todo isto cando, ademais a Xunta é coñecedora do incumprimento dos compromisos adquiridos pola anterior empresa en canto á cobertura de baixas e vacacións, o que fai imposible realizar cunha mínima dignidade, e en condicións axeitadas, a limpeza do centro, de non ser utilizando o sobre esforzo do persoal asignado.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/03/2017 10:33  
Nº Rexistro: 7069  
Data envío: 27/03/2017 10:33:19.258



O prego recolle os requirimentos de traballos e frecuencias dos mesmos imposibles de realizar co persoal asignando, pois cada traballador debe ocuparse de máis de 2500 metros cadrados en cada xornada sen contar as limpezas diarias de equipamentos recollidas tamén no prego.

Por todo o exposto, preséntase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Ten previsto a Xunta de Galicia adaptar á realidade laboral do centro a licitación do Servizo de Limpeza do CRD e IES Universidade Laboral de Ourense?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2016.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/03/2017 10:31:21**

**Luis Villares Naveira na data 27/03/2017 10:31:30**

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 01.06.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.3 7180(10/POC-001250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha avaliación da necesidade de implantar unha nova liña de ESO no IES Ramón Otero Pedrayo de Ourense, comezando pola apertura dunha cuarta liña de 1º para o curso 2017-2018, a súa opinión en relación coa idoneidade da definición das áreas de influencia dos IES da cidade para o actual fluxo da poboación e as súas previsións respecto da realización dalgún cambio para o curso 2017-2018

*Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017*



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/03/2017 11:05**  
**Nº Rexistro: 7180**  
Data envío: 29/03/2017 11:05:13.928

### Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª**, relativa á ampliación de aulas da ESO no IES Ramón Otero Pedrayo de Ourense

Nas últimas semanas as ANPAS dos CEIP Amadeo Rodríguez Barroso, A Inmaculada, Irmáns Villar e IES Ramón Otero Pedrayo de Ourense veñen solicitando a apertura dunha liña máis da ESO para o curso 2017/2018. Estas asociacións, que xa entregaron máis de 5.000 sinaturas no rexistro da delegación da Xunta en Ourense, pertencen a tres colexios que teñen como centro adscrito o mencionado instituto e indican que as tres liñas da ESO coas que conta non serían suficientes para dar acollida ao alumnado que remataría as aulas este ano.

Indican que CEIP de partida como o colexio Amadeo Rodríguez Barroso dos Rosais están a experimentar un aumento de número de alumnos polo cal sería necesario consolidar un novo curso. Non en van, neste centro creouse hai anos unha segunda liña que en circunstancias normais tería que absorber o instituto IES Ramón Otero Pedrayo no momento de alcanzaren os alumnos e alumnas o momento de ingresar na ESO.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/03/2017 11:05**  
**Nº Rexistro: 7180**  
Data envío: 29/03/2017 11:05:13.928

Todos estes elementos indican a necesidade de que a Xunta de Galiza implante unha nova liña de ESO para que o alumnado adscrito ao IES Ramón Otero Pedrayo poida cursar nese centro 1º curso da ESO no curso 2017/2018. Ademais, cómpre ter en conta que moito alumnado da zona de influencia limítrofe podería verse afectado negativamente de non ampliarse xa que por exemplo veciños e veciñas de determinadas rúas do casco vello son considerados como zona limítrofe á área de influencia e porén poden rematar por ter asignado un instituto moito máis afastado, como é o caso do IES As Lagoas. Doutra banda, de contribuír a apertura da nova liña a minorar a ratio de alumnado por aula cómpre valorar que isto repercutiría positivamente na comunidade educativa. Finalmente, tendo en conta que as instalacións do edificio teñen espazo suficiente isto non engadiría custos loxísticos á ampliación.

Por todo isto, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 4ª:

-Ten avaliado o Goberno galego a necesidade de ampliar unha liña de ESO no IES Ramón Otero Pedrayo de Ourense a comezar pola implantación dunha cuarta liña de 1º para o curso 2017/2018?

-Considera o Goberno galego que a definición das áreas de influencia dos IES da cidade de Ourense son idóneas para o actual fluxo de poboación?

- Ten previsto algún cambio para o vindeiro curso 2017-2018?



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/03/2017 11:05**  
**Nº Rexistro: 7180**  
Data envío: 29/03/2017 11:05:13.928

- Tense reunido a Consellería de Educación coas ANPAS dos CEIP Amadeo Rodríguez Barroso, A Inmaculada, Irmáns Villar e IES Ramón Otero Pedrayo de Ourense para coñecer as súas demandas?

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/03/2017 11:03:14**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/03/2017 11:03:20**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/03/2017 11:03:24**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/03/2017 11:05**  
**Nº Rexistro: 7180**  
Data envío: 29/03/2017 11:05:13.928

**María Montserrat Prado Cores na data 29/03/2017 11:03:27**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/03/2017 11:03:29**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/03/2017 11:03:32**

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 01.06.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.4 7781(10/POC-001356)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa reunión levada a cabo o día 4 de abril de 2017 polos representantes institucionais das comunidades autónomas adheridas ao protocolo de colaboración en materia lingüística, así como as actuacións que se van realizar no futuro no marco dese protocolo

*Publicación da iniciativa, 102, 21.04.2017*



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/04/2017 13:46  
Nº Rexistro: 7781  
Data envío: 07/04/2017 13:46:22.070**

#### **A Mesa do Parlamento**

**César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mourinho Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

O pasado 4 de abril reuníronse en Santiago de Compostela os representantes institucionais das comunidades autónomas adheridas ao protocolo de colaboración en materia de política lingüística que, ata esta data, concentraba ás autonomías de Cataluña, País Vasco, Illas Baleares e Galicia.

Entre os diferentes acordos que se adoptaron, decidiuse incorporar ao protocolo á Comunidade Valenciana e a Navarra, un fito importante, porque supón ampliar a presenza de comunidades con lingua propia no devandito protocolo, posibilitando unha maior visibilidade da natureza plurilingüe do estado e, polo tanto, mellorando a proxección das diferentes linguas que conviven no Estado.

Ademais da ratificación destas novas adhesións ao protocolo, na reunión tratáronse varios temas de interese para as políticas de promoción das linguas oficiais como o vindeiro informe de seguimento do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, as liñas de actuación dos gobernos na Rede Europea para a Promoción da Diversidade Lingüística (NPLD) e o plan de traballo para o ano en curso no marco do protocolo.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Qué valoración fai o Goberno galego sobre a reunión, celebrada en Santiago de Compostela, do protocolo de colaboración en materia de política lingüística e que accións se van levar a cabo no futuro no marco deste protocolo?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2017

#### **Asinado dixitalmente por:**

**César Manuel Fernández Gil na data 07/04/2017 13:37:01**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/04/2017 13:46  
Nº Rexistro: 7781  
Data envío: 07/04/2017 13:46:22.070**

**Maria Antón Vilasánchez na data 07/04/2017 13:37:08**

**Teresa Egerique Mosquera na data 07/04/2017 13:37:14**

**Carlos Gómez Salgado na data 07/04/2017 13:37:27**

**Carlos Enrique López Crespo na data 07/04/2017 13:37:36**

**Antonio Mouriño Villar na data 07/04/2017 13:37:45**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 07/04/2017 13:37:53**

**Martín Fernández Prado na data 07/04/2017 13:38:29**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 01.06.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.5 7914(10/POC-001376)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre o balance que realiza a Xunta de Galicia da presenza das empresas produtoras do sector audiovisual galego na feira European Film Market, de Berlín, e os beneficios que supón para a industria cultural/audiovisual de Galicia esa presenza a nivel internacional

*Publicación da iniciativa, 102, 21.04.2017*

### A Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

O sector audiovisual galego, ten acadado xa o seu prestixio no ámbito nacional. Proba diso son as numerosas colaboracións de produtoras galegas e profesionais a título individual en proxectos de éxito, proxectos que contan con numerosos premios. Unha vez recoñecida a calidade no sector audiovisual galego a nivel nacional o obxectivo é conquistar o mercado estranxeiro comezando coa presenza en diferentes Feiras Internacionais.

A día de hoxe o audiovisual é un sector en auxe tanto na súa perspectiva sociocultural como económica. Hai pouco tempo desenvolveuse a European Film Market de Berlín e temos coñecemento de que o sector tamén vai estar presente en varios encontros en Francia e Buenos Aires.

Esta estratexia de internacionalización parece que podería ter unha repercusión moi positiva no panorama audiovisual galego por iso e polos motivos expostos os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/04/2017 12:54  
Nº Rexistro: 7914  
Data envío: 11/04/2017 12:54:44.742

Podería facer un balance da presenza das produtoras galegas na Film Market e explicar qué beneficios ten para a industria cultural/audiovisual galega esa presenza internacional?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 11/04/2017 12:51:22**

**César Manuel Fernández Gil na data 11/04/2017 12:51:39**

**Maria Antón Vilasánchez na data 11/04/2017 12:51:42**

**Carlos Gómez Salgado na data 11/04/2017 12:51:51**

**Carlos Enrique López Crespo na data 11/04/2017 12:51:59**

**Antonio Mouriño Villar na data 11/04/2017 12:52:07**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 11/04/2017 12:52:17**

**Martín Fernández Prado na data 11/04/2017 12:52:27**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

Día: 01.06.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.       Proposicións non de lei en Comisión



**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 01.06.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

2.1 5847(10/PNC-000570)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia, xunto coa Deputación Provincial de Lugo e os concellos correspondentes, para garantir a conservación, a recuperación e posta en valor das torres de Torés e de Doncos, nas Nogais, a de Caldaloba, en Cospeito, e a do Batallón, en Sarria, así como o Castelo de Doiras, en Cervantes, o Castelo de Navia de Suarna, a Torre de Taboi, en Outeiro de Rei, e a Torre de Arcos, en Chantada

*Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/03/2017 11:28  
Nº Rexistro: 5847  
Data envío: 01/03/2017 11:28:31.669

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**.

Espallados polas comarcas de Lugo atopamos distintos exemplos patrimoniais que se atopan en completo estado de abandono e en risco mesmo de se derrubar.

No concreto, falamos da:

- **Torre de Torés** (As Nogais): Aínda que hai quen conxectura que o castelo medieval foi erixido sobre un primitivo asentamento castrexo ou unha torre de orixe romana ou altomedieval, a verdade é que non existen referencias escritas nin arqueolóxicas. Sen embargo, varios autores fan alusión a uns señores de Torés, entre outros Fr. Xerónimo Pardo na súa “Historia del Apóstol Santiago”. Desta antiga linaxe fala tamén, no ano 755, Servando, bispo de Ourense. O licenciado Molina, ao referirse ao castelo, fala de que os Ribadeneira proveñen dun infante galego que foi irmán da lendaria raíña Lupa que, segundo a lenda, mandou construír o castelo, logo de se converter ao cristianismo e para conmemorar o prodixio, como “totem” aos touros que nun carro transportaron o corpo do Apóstolo Santiago. O suposto primeiro señor do castelo sería un tal Lobo Leberio, fillo dun romano, Loberio Ribano, e da raíña Lupa. Outro señor de Torés, a principios do século VIII, sería Diego Bolaño que defendeu a cidade de Lugo. Vázquez Seijas, en “Fortalezas de Lugo y su provincia” (1955), achega unha longa listaxe dos propietarios do castelo que ocuparon diversos cargos



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 01/03/2017 11:28  
**Nº Rexistro: 5847**  
Data envío: 01/03/2017 11:28:31.669

durante o reinado de varios reis. O primeiro nobre documentado a mediados do século XV é Álvaro González de Ribadeneira a quen lle foron confiscados os seus bens, a fortaleza entre eles, despois da execución do mariscal Pardo de Cela en Mondoñedo. No ano 1507, a familia dos Ribadeneira mercáronno de novo. O Interrogatorio do “Catastro de Ensenada” (1752-1753) fala da marquesa de Torés. Na actualidade pertence á casa de Medinaceli que recentemente asinou un convenio co Concello para cedérllelo durante vinte e cinco anos. Na actualidade só se conserva unha torre ameada de planta cadrada, duns dez metros de lado e dezaioito de alto, distribuída en tres andares e soto. O arruinado castelo, comido pola vexetación, tivo outras dúas torres unidas ás murallas. No mes de xaneiro de 2013 comezaron os traballos de limpeza da torre e do acondicionamento da contorna para facela visitable. Actualmente volve estar abandonada e en risco de derrubamento. **Propiedade privada en cesión ao Concello das Nogais. Sen Uso.**

- **Torre de Doncos** (As Nogais) Erixida sobre un outeiro rochoso na segunda metade do século XIV, á beira do río Navia e xunto unha calzada romana. Defendía a entrada a Galiza. Pertenceu aos Valcalce, pasando logo aos condes de Monterrei. No ano 1603, sendo o seu propietario Fernando de Toledo, xa ficaba medio arruinada. Do antigo castelo segue en pé a Torre da Homenaxe construída en cachotaría de lousa e perpiaños graníticos que enmarcan portas e ventás. Consta de tres plantas e soto. Salientan as ameas, unha porta alintelada con arco semicircular e as seteiras. Da primitiva construción tamén se conserva un muro de peche e un torreón de vixilancia cilíndrico. Coñecida tamén como Castelo da Anca pola lenda que narra como, durante a Reconquista, un dos trece cabaleiros que estaban para defender aos peregrinos que ían a Santiago de Compostela viu como unha parella de cristiáns era atacada por un grupo de sarracenos e como un deles tomaba prisioneira á muller, e con ela montada na anca do seu cabalo tentou fuxir. Pero cando o sarraceno xa ía ser atrapado polos cabaleiros, desenvaiñou o seu alfanxe e dun tallo degolou á moza para que

ninguén gozase da súa beleza, quedando o seu cabalo branco tinguído de sangue.

**Propiedade descoñecida. Sen uso.**

- **Torre de Caldaloba** (Cospeito): A torre de Caldaloba é o último resto en pe do que noutrora foi unha fortaleza, destruída tras as revoltas irmandiñas. Pertenceu o Mariscal Pardo de Cela, tras a súa decapitación, herdaron a Dona Constança de Castro e Fernan Ares de Saavedra filla e xenro do Mariscal. Foi o derradeiro reduto da nobreza galega a política colonial e centralista de Castela na época dos Reis Católicos. Posúe unha planta cuadrangular de 10,2 metros de lado, mais de 30 metros de altura e uns muros de 2,65 metros de espesor. Os catro andares dos que dispoñía foron erguidos en manostería de xisto e granito, rematada por unha bóveda de canón percorrida por arcos fachóns como salienta Angel del Castillo. **Propiedade privada. Sen uso.**

- **Torre do Batallón** (Sarria): O Castelo do Batallón, como é coñecido popularmente, é a torre da homenaxe do desaparecido castelo de Sarria (Lugo). Aínda que non se coñece a data da súa construción, estímase que esta tivo lugar no século XII, a raíz do matrimonio de Guitierre Ruiz de Castro con Elvira Osorio. Cando a Gran Guerra Irmandiña (1467) o castelo foi arrasado polo levantamento popular. Tras a derrota dos irmandiños, estes foron obrigados a reconstruílo de novo. Ata o século XVII foi utilizado coma prisión e estivo habitado polo correxidor do marquesado de Sarria ata 1730. Co tempo, o castelo foi caendo no abandono, pero en 1860 o senador lucense Casiano Pérez Batallón mercouno e cubriu os foxos defensivos do castelo. Despois de pasar por mans dos marqueses de Sarria, na actualidade pertence aos herdeiros de Pérez Batallón. Dados os elevados custos de mantemento e á ausencia de axudas públicas, nestes momentos está á venda. O Castelo do Batallón é un emblema do pobo de Sarria, ata o punto de que aparece na bandeira e no escudo da vila. **Propiedade privada. Sen uso.**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 01/03/2017 11:28  
**Nº Rexistro: 5847**  
Data envío: 01/03/2017 11:28:31.669

- **Castelo de Doiras (Cervantes):** O castelo de Doiras é tamén coñecido como Torre de Ferreiras ou da Ferreiría, quizais pola súa proximidade á ferreiría de Fonquente. Sitúase a uns 745 metros de altura, dominando o río Cancelada na desembocadura do Doiras. De difícil acceso agás pola parte Sur, onde chega o camiño, sitúase sobre un rochedo converténdoa nunha fortaleza impresionante pertencente ó dominio do señor de Cervantes, o conde de Graxal de Campos, título que ata 1909 ostentou o duque de Sesto. De planta rectangular de 25 por 21 metros e muros dun grosor de metro e medio, están feitos de cachotería pizarrosa duns oito metros de altura non sendo igual en tódolos sitios debido ós desniveis do terreo. Posúe dúas torres, unha circular e a outra, a Torre do Homenaxe que se sitúa ó Leste acadando os quince metros de altura. Esta torre é rectangular de 10 por 8 metros e con muros de dous metros de grosor. A porta de entrada dá á fronte do patio da honra e amosa un arco de medio punto, abríndose a unha altura de catro metros. Ademais presenta un paseo de rolda, ameas na cerca e na torre, un alxibe e diferentes dependencias. **Propiedade privada. Sen Uso.**

- **Castelo de Navia de Suarna:** Deformado castelo situado na capital do concello de Navia de Suarna. As súas orixes remóntanse ó século XI, cando Rodrigo Gutiérrez entrega a fortaleza como dote á súa muller Senior, a doncela de Suarna, no 1037. O castelo pertenceu ás liñaxes dos Osorio e os Altamira. Logo, foi destruído polos irmandiños na revolta do 1467. Trala súa reconstrución foi pasando de man en man ata dar coas poutas do cura Manuel López Ernesto quen, sen ningunha contemplación polos seus anos de historia, fixo das súas dependencias un edificio serpeante de vivendas particulares. E isto con métodos pouco tradicionais e con moi mal gusto. Unha chapuza das de catálogo. Este bloque de vivendas con historia levántase sobre unha pena de xisto á beira do río Navia e dunha ponte altomedieval de arco oxival. **Propiedade privada. Uso residencial.**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 01/03/2017 11:28  
**Nº Rexistro: 5847**  
Data envío: 01/03/2017 11:28:31.669

- **Torre de Taboi (Outeiro de Rei):** Segundo escribe Ramón Boga na súa magnífica guía, a torre de Taboi sería o primitivo predio dos Saavedra, aos que pertenceu toda a terra de Parga. Da torre-fortaleza só queda en pé a torre incompleta da Homenaxe: Amosa unha planta case cadrada de grosos muros. A un terzo de altura hai ou había unha única porta de acceso que corresponde á ponte levadiza desaparecida. A esta porta fáltanlle os seus sillares mostrando unha preocupante e alarmante derrube non moi lonxana. Nun dos paramentos, no máis alto, ábrese unha pequena xanela con lintel triangular de granito. Fáltalle o coroamento ameado, así como a bóveda que suxeitaba a terraza. Interiormente é seguro que se distribuiría a través de tres andares e soto, como parecen indicar as pegadas que quedan nos muros e que terán uns 15 metros de altura aproximadamente. O resto da construción é de cachotería pizarrosa. En resumo, a torre áchase en estado ruinoso, con grandes gretas no lateral sur. O escudo principal áchase no Museo Provincial de Lugo e un segundo escudo áchase no pazo ou “casa da Torre” do lugar. **Propiedade privada. Sen Uso.**

- **Torre de Arcos (Chantada):** único vestixio que resta do castelo de Témelos, declarada [Ben de Interese Cultural](#) o 17 de outubro de 1994.

Exemplos variados de arquitectura civil e propiedade privada cun trazo común, un grande e notorio deterioro resultado nalgúns casos do desleixo das familias propietarias ou mesmo do descoñecemento das persoas ás que pertencen, razón pola que se ve vulnerada a obriga de conservación dos bens e que motiva de maneira urxente a intervención por parte da administración en aras do interese social recollido na vixente Lei 5/2011 de Patrimonio Cultural de Galiza así como a súa posta en valor.

Por todo o exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª:



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/03/2017 11:28**  
**Nº Rexistro: 5847**  
Data envío: 01/03/2017 11:28:31.669

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Iniciar os procedementos administrativos precisos para garantir a conservación destes bens patrimoniais mesmo se for necesario facendo valer a expropiación forzosa daqueles que así o requerisen dacordo co disposto no artigo 51 da Lei 5/2011 de Patrimonio Cultural de Galiza.

2. Deseñar un plan plurianual para a recuperación e posta en valor dos mesmos de maneira conxunta coa Deputación de Lugo e os concellos nos que se asentan.”

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 01/03/2017 11:26:18**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/03/2017 11:28**  
**Nº Rexistro: 5847**  
Data envío: 01/03/2017 11:28:31.669

**Noa Presas Bergantiños na data 01/03/2017 11:26:22**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 01/03/2017 11:26:26**

**María Montserrat Prado Cores na data 01/03/2017 11:26:43**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/03/2017 11:26:45**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/03/2017 11:26:50**



**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 01.06.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

2.2 8453(10/PNC-000888)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre a restauración, a conservación e o mantemento para o uso público da torre pazo de Goiáns polo Goberno galego, en colaboración co Concello de Boiro e outros organismos, así como a súa vixilancia

*Publicación do acordo, 112, 10.05.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, e das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.<sup>a</sup>**, relativa ao Pazo de Goiáns, concello de Boiro.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sito en Escarís, na desembocadura do Coroño, na ría de Arousa, está a Torre-Pazo de Goiáns. Conta cunha torre rectangular rematada cun miradoiro balastrado. Contaba cos arredores amurallados e dispoñía de calabozos. Residencia dunha das liñaxes máis sobresaíntes da nobreza galega e asolada polas revoltas Irmandiñas para ser reconstruída máis tarde polo famoso arquitecto Domingo de Andrade no XVIII, autor da torre da Berenguela da Catedral de Santiago. Posúe cinco labras heráldicas das liñaxes que viviron no pazo. No interior da finca existen varios edificios auxiliares: unha capela (onde se venera á Virxe da boa viaxe ou Virxe de Belén), pombais, unha fonte de pedra que representa unha serea, varios alpendres, estatuas, dúas pesqueiras, e un embarcadoiro ao río Coroño. Os dominios deste pazo chegaban ata as illas de Sálvora.

### CONSIDERACIÓNS TÉCNICO-XURÍDICAS

Pasou a ser de propiedade pública no ano 2010, directamente ás mans do concello de Boiro mediante a inclusión nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2010 dunha partida de catro millóns de euros. BOE núm. 313, de 29 do



decembro de 2009. Esta adquisición nominativa tramitouse pola sinatura do convenio do 23 de xullo de 2010.

Este pazo atópase nun estado lamentable e forma parte do patrimonio cultural e histórico de Galicia, estando clasificado como BIC.

Nestas imaxes, aparecidas nun periódico de difusión, pódese apreciar o derrube parcial do pazo de Goiáns.

<http://www.lavozdeg Galicia.es/album/barbanza/boiro/2016/10/12/chequeo-pazo-goians/01101476216447058105371.htm>

Produciuse unha vulneración da Lei 5/2016, de patrimonio cultural de Galicia, que recolle no seu artigo 1 o *“obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, de forma que lle sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sustentable e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valoración e transmisión ás xeracións futuras.”*

No artigo 2 sinala que *“corresponde á comunidade autónoma a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de Galicia.”*

Tamén sinala a colaboración con outras administracións públicas para garantir o acceso ao patrimonio *“Artigo 3.1 Colaboración coa Administración do Estado, coas das restantes comunidades autónomas e coas entidades que integran a Administración local na salvagarda do patrimonio cultural. b) Fomento das accións precisas para garantir o acceso ao patrimonio cultural, a súa protección, a súa difusión e a súa investigación e, de ser o caso, a súa recuperación.*

*As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen*



*as obrigas de: a) Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. b) Adoptar, en casos de emerxencia, as medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens que viren a súa integridade ou valor ameazados. c) Comunicarlle á Xunta de Galicia calquera ameaza, perturbación ou dano do valor cultural que tales bens sufran. d) Exercer, así mesmo, as demais funcións que teñan expresamente atribuídas en virtude desta lei.”*

Establece no artigo 32 un deber de conservación: “*As persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre bens protexidos integrantes do patrimonio cultural de Galicia están obrigadas a conservalos, mantelos e custodialos debidamente e a evitar a súa perda, destrución ou deterioración.*”

E no seu artigo 33 establece as medidas de protección mediante fórmulas de colaboración“*1.A Xunta de Galicia fomentará medidas e actuacións dirixidas a garantir a protección do patrimonio cultural de Galicia. 2. En especial, a Xunta de Galicia poderá acordar medidas de colaboración coa Administración do Estado, con outras comunidades autónomas, con organismos internacionais e coas entidades que integran a Administración local que fortalezan e melloren a vixilancia e seguridade dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, especialmente cando se vexan ameazados por actos de espolio ou destrución.*”

Polo exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Proponer un plan de restauración do Pazo; plan sometido a preceptiva información pública que conteña usos públicos e acceso garantido á cidadanía.
- 2.- Levar a cabo a restauración, conservación e mantemento do Pazo de Goiáns, en colaboración co Concello de Boiro e outros organismos para o seu uso público



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/04/2017 13:39  
Nº Rexistro: 8453  
Data envío: 28/04/2017 13:39:23.209



3.- Dotar dun presuposto ao concello de Boiro para que leve a cabo as operacións necesarias na conservación inicial do Pazo fronte ao derrubo e roubos, así como a procurar os medios para a súa vixilancia no prazo máis curto de tempo posible.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Asdo.: Luís Villares Naveira

Luca Chao Pérez

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 28/04/2017 13:38:10**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 28/04/2017 13:38:16**

**Luca Chao Pérez na data 28/04/2017 13:38:23**

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 01.06.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

2.3 9206(10/PNC-000963)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co réxime de visitas públicas gratuítas ao pazo de Meirás

*Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017*



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López** e do seu deputado **Luis Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

### Exposición de motivos

Dende que o pazo de Meirás foi declarado BIC en 2008, a familia Franco non fixo outra cousa que por impedimentos para cumprir a obriga legal de permitir a visita pública gratuíta, cando menos catro días ao mes, tal como marca a Lei de patrimonio cultural de Galicia.

A verdade é que nunca houbo normalidade nestas visitas, chegando incluso a Consellería de Cultura a pagar, durante un tempo, con cartos públicos á empresa de seguridade que os Franco esixiron para abrir o pazo.

Fai poucos meses denunciámos que de novo a familia Franco estaba utilizando todo tipo de artimañas para impedir a entrada dos visitantes, está vez publicitando un número de teléfono falso. Ante as nosas denuncias da situación, a nosa petición de visita da Comisión de Cultura do Parlamento de Galicia a Meirás, e as noticias aparecidas na prensa, os Franco volveron a permitir visitas, aínda que atopar a maneira de poñerse en contacto con eles para concertar unha visita é moi dificultoso.

Segundo distintas manifestacións do Goberno nos medios públicos, a Xunta abriu un expediente informativo para analizar estes feitos pero nada sabemos del.

O que si sabemos é que en agosto a familia Franco vai querer pechar o pazo de novo como todos os anos e impedir as visitas. Durante todos



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

estes anos a Xunta de Galicia lles permitiu este privilexio e que incumprir a lei non tivera ningunha consecuencia.

Creemos que a Xunta de Galicia ten que velar polo cumprimento da lei e, neste caso, facer cumprir as súas obrigas á familia Franco e abrir o Pazo de Meirás durante todo o ano, incluíndo agosto, cando menos catro día ao mes. Ademais é o verán o momento de maior afluencia turística no concello de Sada que se ve moi prexudicado economicamente cando a Xunta decide permitir aos Franco saltarse a lei e pechar Meirás en agosto.

Creemos que a Xunta de Galicia ten que facer cumprir a lei a calquera cidadán e que non poden permitirse actitudes da Consellería de Cultura que semellan un trato de favor á familia Franco.

Polo exposto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer os medios necesarios para que a familia Fraco cumpra a súa obriga legal, segundo o artigo 48 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, de abrir o Pazo de Meirás ó público polo menos durante catro días ó mes durante todo o ano, incluíndo o mes de agosto.”

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia  
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 16/05/2017 12:31:15**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 16/05/2017 12:31:22**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/05/2017 12:35**  
**Nº Rexistro: 9206**  
Data envío: 16/05/2017 12:35:38.985

---

 [Grupo Parlamentario](#)



**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/05/2017 12:31:28**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---